

Ó PLENO DO CONCELLO DE ALLARIZ

MOCIÓN SOBRE AXUDAS AO TRANSPORTE PÚBLICO EN ALLARIZ

Zaida Rodríguez Camba, na súa condición de Concelleira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Allariz, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

Exposición de motivos:

O medio rural constitúe a esencia dos pobos do noso país, un espazo social, ecolóxico, económico e sociolóxico dunha enorme riqueza e transmisor de múltiples valores que se están a perder. O rural está sendo desmantelado. A perda de servizos e recursos, forza a quen vive nel a trasladarse de cara as cabeceiras de comarca ou as cidades, buscando oportunidades, calidade de vida e un futuro máis digno. Dende fai moito tempo as políticas públicas están desvertebrando e relegando o rural. Unha mostra palpable desta situación é a mobilidade, a comunicación, o transporte público.

O transporte público por estrada, competencia da Comunidade Autónoma, está pasando por un momento convulso e crispado, como consecuencia da falla dunha estratexia e dun deseño consensuado pola Xunta de Galicia, para por en marcha o novo mapa concesional no que deberá incluírse unha mellora substancial destes servizos públicos. A falla de previsión do goberno do Partido Popular, os pronunciamentos xudiciais que tombaron o modelo seguido, fixo que moitas empresas abandonasen as concesións e agora sexa preciso acudir a un proceso urxente de adxudicacións, para que nos vindeiros 22 meses poidan continuar determinadas rutas en Galicia. Improvisación e chapuza no novo modelo concesional.

É responsabilidade da Xunta de Galicia elaborar unha resposta axeitada as necesidades de mobilidade de tódolos veciños e veciñas das entidades de poboación. O plan de transporte provisional artellado as presas e de costas os actores do transporte colectivo, non vai solucionar nin as carencias nin as necesidades dos persoas que lexitimamente deciden vivir e apostar polo rural, nin tampouco as do noso concello.

De cara a redacción do plan definitivo, o Concello de Allariz debe tomar parte activa e defender as necesidades de mobilidade de todo o termo municipal e da súa veciñanza. Pero tamén dentro das competencias que nos son propias podemos facer algo máis: elaborar unha ordenanza de axudas ao transporte metropolitano social do Concello de Allariz.

Esta norma municipal tería por obxecto regular o réxime de concesión de axudas ao transporte colectivo do Concello de Allariz, coa intención de promover e facilitar no seu ámbito territorial a mobilidade, o desprazamento e a intercomunicación a través dos medios de transporte públicos de determinados colectivos especificados.

Os colectivos ou persoas beneficiarias destas axudas públicas, empadroados no noso concello, serían os seguintes:

- Pensionistas que non superen determinado porcentaxe de renda ou IPREM.
- Persoas en situación de desemprego que cumpran outra serie de requisitos.
- Persoas que acrediten un determinado grao de discapacidade.
- Persoas en situación de risco social.
- Estudantes universitarios que se desprazan durante o curso escolar.

Chegou o tempo de facer unha aposta clara e decidida polo transporte público como xerador de igualdade e de oportunidades para a veciñanza do noso concello; e por elo, veño a propor ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO:

1. Instar a Xunta de Galicia a elaborar un Plan de transporte Público para o ano 2019, que responda as necesidades de mobilidade do Concello de Allariz.
2. Que se cree no noso concello unha Comisión de estudio que analice as liñas contidas no plan provisional de transporte público de Galicia e se elabore un documento-proposta coas necesidades en materia de transporte público de viaxeiros.
3. Que se elabore unha Ordenanza reguladora das axudas ao transporte público do Concello de Allariz.
4. Que nos vindeiros orzamentos municipais se teña a previsión de confeccionar unha partida específica para esta finalidade social.

Allariz, 24 de xullo de 2017.

Asdo.: Zaida Rodríguez Camba.
Concelleira do PSdeG-PSOE de Allariz.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ALLARIZ.-